


Proxecto Lector

IES
Maruxa
Mallo



PROXECTO LECTOR



IES MARUXA MALLO



As Casillas s/n
15680 ORDES, A CORUÑA
981 68 83 44 - Fax 981 68 83 68
e-mail: ies.maruxa.mallo@edu.xunta.es

Índice de contido

1. Características do noso centro relacionadas coa lectura e escritura.....	1
1.1 Análise das prácticas lectoras dos alumnos/as.....	1
Motivos para ler.....	1
Acceso á lectura.....	9
Lingua de lectura.....	12
A biblioteca escolar.....	13
Conclusións.....	16
1.2 Análise dos logros e dificultades.....	17
Os logros acadados.....	17
As dificultades encontradas.....	18
1.3 Accións levadas a cabo sobre o fomento da lectura e escritura.....	20
2. Características actuais da nosa biblioteca.....	26
2.1 Espazo e mobiliario.....	26
2.2 Fondos.....	29
2.3 Funcionamento.....	30
2.3.1 Coordinación e funcións.....	30
2.3.2 Equipo de biblioteca e funcións.....	31
2.3.3 Horario.....	32
2.4 Recursos.....	32
2.4.1 Recursos económicos:	32
2.4.2 Recursos humanos:.....	32
3. Plano de actuacións propostas.....	33
3.1. Introducción.....	33
Lexislación:.....	33
3.2. Xustificación.....	33
3.3. Obxectivos.....	34
3.1.1. Xerais.....	34
3.2.2. Específicos.....	35
3.4. Metodoloxía. Organización de espazos e tempo para a lectura.....	35
3.4.1 Método de organización dos espazos.....	35
3.4.2 Método de organización dos tempos.....	36
3.4.3 Accións propostas para acadar os obxectivos.....	36
3.4.4 Actividades xerais de fomento da lectoescritura.....	38
4. Compromiso dos docentes co Proxecto Lector.....	39
Compromisos:.....	39
5. Necesidades de formación do profesorado.....	41
6. Criterios, procedementos e instrumentos de avaliación.....	42
ANEXOS.....	44
Análise da enquisa do alumnado do centro sobre a lectura.....	45
Enquisa sobre "Tempo para ler en titoría".....	46
Enquisa sobre "Tempo para ler nas gardas".....	48
Enquisas sobre a lectura. Modelos pasados ao alumnado, aos pais e aos docentes.....	50
Resultados das enquisas.....	55

1 ● Características do noso centro relacionadas coa lectura e escritura.

1.1 *Análise das prácticas lectoras dos alumnos/as.*

Facer unha análise inicial sobre o proceso lector desenvolvido nos centros de ensino e que ten como principal protagonista as mozas e mozos de idades comprendidas entre 12 e 18 anos é complexo. Resulta complexo por varias razóns; en primeiro lugar porque a sociedade actual non adquiriu o hábito lector do mesmo modo en que se fixo noutros países europeos, lese pouco e aínda menos libros de relatos, literarios e desprovistos dunha finalidade que non sexa a de entretemento e lecer. Mentres tanto outros hábitos que teñen que ver co acceso ao coñecemento e á información se van instaurando con gran rapidez é o caso de Internet. Os centros de ensino non son alleos a esta dificultade que é de valoración social da lectura. Por isto, resulta fundamental facer un esforzo planificador neste sentido.

Para a nosa análise das prácticas lectoras do alumnado levamos a cabo unha enquisa en todo o centro coa axuda dos titores e titoras dos diferentes cursos. Sobre un total de 272 alumnos do centro procesamos as respostas de 176 alumnos e alumnas a propósito de 21 preguntas que responden a distintos intereses de análise. O modelo de enquisa contaba con dez parámetros para a súa análise (ver modelos de enquisa e dos parámetros aplicados no anexo). Temos, por tanto, datos de máis da metade do universo total da enquisa (en concreto un 64,7%) o que implica que a análise seguinte é representativa do que pensan os/as enquisados/as sobre as súas prácticas lectoras.


Mostra	1ESO	2 ESO	3 ESO	4 ESO	Centro
Alumnas	15	27	26	22	90
Alumnos	19	26	22	19	86
Totais	34	53	48	41	176

Motivos para ler


Pódese afirmar, segundo os datos da primeira pregunta, que no centro hai certo gusto pola lectura entre o alumnado. Un 22,47% responden que lles gusta moito ler e un 50,56% algo, fronte o 7,95% de case nada

ou o 18,75% que recoñecen que no lles gusta nada ler. Con todo, a resposta de gusto pola lectura está moi dividida por xénero. Así, na resposta de case nada ou nada os alumnos de 1º ciclo responden un 37,78% fronte a un 14,28% nas alumnas; no 2º ciclo o resultado é dun 51,22% nos alumnos fronte a un 6,25%. Esta diferenza nos resultados segundo o xénero é unha constante ao longo da enquisa.


Pregunta 1 Gústache ler?



Pregunta 2 Por que non les máis?




Da análise dos motivos polo que o alumnado non le máis cómpre subliñar dous aspectos: segundo se avanza no curso, a resposta non vén xa definida polo gusto senón ou polo tempo ou porque prefiren facer outras cousas. Entre as alumnas de 2º ciclo, de feito, estas dúas respostas acadan case o 90% (89,58%).



A resposta *non me gusta* está asociada ao alumnado masculino que responden con moita máis frecuencia deste xeito que o alumnado feminino.

Na terceira pregunta, onde podemos observar cales son os motivos do último libro lido, apreciamos que o carácter obrigatorio da lectura é a causa da maior parte de lecturas feitas no centro. A porcentaxe é moi superior sobre calquera outro dato (64,57%). Igualmente, a consulta como motivo de lectura é un dato moi raro (8%) o que implica que debe facerse un esforzo en empregar a lectura como fonte de documentación e que o alumnado non percibe que as lecturas realizadas sirvan para ese propósito.


Pregunta 3
Motivo polo que liches o último libro




A maior parte do alumnado responde que ten máis de 100 libros na casa, que é o valor máis alto das respostas (35%). É importante, con todo, sinalar que un 21% do alumnado considera que non hai máis de 20 libros no fogar. Este dato ven a insistir na importancia da biblioteca como lugar primordial para achegar os libros aos nosos alumnos e alumas, xa que moitos deles non dispoñen no núcleo familiar dunha boa biblioteca. O contexto sociocultural para a lectura no contorno do noso centro non é moi favorable. Como

curiosidade e como resposta congruente coa clara diferenza de xénero nos gustos de lectura, os alumnos tenden a pensar que hai menos libros na casa que as alumnas.

Pregunta 4
Cantos libros téns na túa casa?




Pregunta 4
Cantos libros téns na túa casa?




A forma que teñen os/as alumnos/as de chegar aos libros é fundamentalmente a través da compra. Na pregunta 5, o 77,27% do alumnado reconece que a maior parte dos libros que le o normal é que os merque. A maior distancia están as outras posibilidades: por regalo (39,20%), por consulta na biblioteca (28,41%) ou porque alguén llo preste (21,35%). O dato doutras respostas obedece fundamentalmente a rapaces/zas que insisten na asociación da lectura á obriga.

Pregunta 5
Os libros que les, o habitual é que:



Pregunta 5
Os libros que les, o habitual é que:




Ao diferenciar os datos por cursos e xénero, pódense deducir dúas ideas:

1. En xeral as alumnas mercan máis que os alumnos e, polos datos, reconecen ter moitas máis vías de acceso á lectura.

2. O regalo como fonte de libros para a lectura diminúe coa idade. Este dato pode ter relación cunha

constante da lectura entre os adolescentes: a perda de capacidade de sedución como alternativa de lecer fronte a outras máis atractivas e certa asociación da lectura coa infancia. Neste sentido, é importante subliñar que mentres nos alumnos de primeiro ciclo o libro regalado é normal para o 46,67% descende ao 9,76% no segundo ciclo; para as alumnas o descenso tamén é notable: pasa do 57,14% ao 41,67%.

É importante subliñar que 1 de cada 4 libros que len os rapaces/as o len grazas á biblioteca, un dato que nos indica a importancia de contar cuns bos fondos na biblioteca escolar que poidan soste as distintas actividades de lectura.




Os datos desta pregunta son coherentes co panorama que amosa a pregunta 12 dedicada ao propósito da súa compra: a lectura é unha obriga especialmente para os alumnos máis que para as alumnas e o regalo perde importancia coa idade.

No noso centro, por tanto, o sector do alumnado que le faino converténdose nunha singularidade na súa familia. Hai que pensar que o perfil de lector/a do noso centro é un lector/a que moitas veces le porque atopa o gusto na lectura como descubrimento individual e sen que o contorno familiar lle sirva demasiado de estímulo.

Por outro lado, poderíase asociar o baixo nivel de lectura entre os alumnos masculinos á carencia dunha práctica lectora entre os pais do noso alumnado, é dicir, á carencia dun modelo masculino de lectura ou a prexuízos de xénero que fan da lectura unha actividade feminina.

6. Quen le máis na túa casa?


Resposta pregunta 1 "moito"



Un 65 % do alumnado do noso centro afirma ler habitualmente ou con certa frecuencia literaria. De novo atopámonos nunha resposta que debe ser interpretada en clave de conciencia lectora. Se unha boa parte das lecturas feitas no centro proveñen da obriga académica de facelas, a resposta de que un 36% do alumnado non le literatura é nun sentido estrito contraditoria. Non obstante, nestas respostas podemos percibir cales son as actitudes cara á literatura por parte do alumnado a parte de que o feito de ler literatura é un excelente indicio para poder saber se estamos diante dun bo lector.


Pregunta 7

Con que frecuencia les obras de carácter literario?



Pregunta 7



Entre os que leron o último libro como pasatempo



Así podemos ver que, en xeral, o alumnado le literatura habitualmente ou de cando en vez, o 65 %; o 36% que le moi raramente literatura ou nunca probablemente responden a aquel sector que le por obriga ou non lle gusta ler. Se se comparan os datos do total do centro con aqueles que recoñecen ter lido o último libro por lecer, descúbrese que o 91% dos/as que len por pasatempo len con moita frecuencia literaria.


Un dos datos preocupantes da enquisa é a tendencia a perder horas de lectura co paso dos cursos. Os

alumnos de 4 da ESO dedican menos tempo á lectura que os alumnos do resto de cursos. De modo análogo, a resposta indicando que len menos dunha hora diaria é a resposta que máis crece e convértese en maioritaria de novo no 4 da ESO.




A narrativa é o xénero máis lido no centro nas súas diversas variantes. Por esta orde, os tipos de materiais máis consultados no noso centro son: narrativa de terror e intriga (93), narrativa de aventura (93), narrativa de ciencia ficción (57), cómic (48), romántica (46), xornal (38), narrativa histórica (26), poesía (18), teatro (18), revista técnica (18). O resto de posibilidades acadan 10 ou menos respostas. É importante observar como nalgúns xéneros, por exemplo a narrativa romántica ou o cómic, as preferencias segundo xénero son moi variables.


Pregunta 10 Canto tempo dedicas a diario á lectura?



Pregunta 11 Que tipo de lectura che gusta máis?




Entre os xéneros con máis éxito entre os rapaces/zas que non len nada ou case nada cabe destacar a narrativa de aventura ou de terror, o cómic e as revistas temáticas. Por tanto, é necesario insistir nestes xéneros para permitir que este sector do alumnado se sinta atraído pola lectura.




Acceso á lectura

Ao analizar a importancia da portada como incentivo para a compra do libro percíbese unha forte división entre quen pensan que non lles inflúe nada e quen afirma que moito. Por cursos, a resposta tende a ser máis polarizada segundo avanza o nivel e é máis matizada entre os alumnos que entre as alumnas.




Esta polarización é constante nos alumnos ós que lles gusta ler e nos que non lles gusta, co que o factor *gusto pola lectura* non é determinante á hora de prever entre que tipo de alumnos/as inflúe o deseño da portada.

Pregunta 13
Inflúe a estética da portada no acto de mercar un libro?




Pregunta 13
Lles gusta ler moito



Nas preguntas 14 e 15 podemos observar cales son os axentes e causas principais que inducen á lectura entre os nosos alumnos/as; as respostas indican que é o grupo de amigos o principal referente para suxerir que libro ler. É necesario entender que entre os/as adolescentes o papel xogado polo grupo dos seus iguais é fundamental.


Por outra parte e en continuidade coa importancia do deseño do libro na configuración das lecturas nun sector do alumnado, unha importante porcentaxe dos enquisados (47,16%) admite que os textos das lapelas determinan que libro van a mercar. É certo que este elemento descende co nivel: así en primeiro ciclo as lapelas son importantes para 52,87, pero no segundo ciclo a porcentaxe descende ao 41,57%. Igualmente é un elemento que teñen máis en conta as alumnas (54,44%) que os alumnos (39,53%).



O factor fundamental para escoller un libro, como recoñecen a maior parte dos/as rapaces/zas, son os compañeiros. É importante lembrar que o noso alumnado non ten á familia como un referente lector e, polo tanto, é o grupo a vía de entrada para a consideración da lectura, do tipo de libros e dos títulos que poden chegar a lerse no noso centro. Na pregunta 14 os coñecidos é o un elemento para mercar un libro no 58,52%, unha porcentaxe que medra ata o 64,44% no caso das alumnas.

Como deixa claro a pregunta 15, o 59,66% do alumnado decide a lectura dos seus libros grazas os/as amigos/as, o 36,93% mediante consellos do profesorado e o 19,32% polos medios de comunicación. A forte influencia do profesorado débese ao papel concedido á lectura por obriga como tamén subliñan as respostas no apartado de outros (10,23%) e, naturalmente, este factor é maior entre os rapaces ca entre as rapazas.


Pregunta 17
Remato os libros que empezo a ler?



Compartir a lectura parece ser unha práctica habitual, aínda que non conte con moita forza, polo que se


deduce das respostas da pregunta 18. A comparación por ciclos é interesante, cunha tendencia xeral a que a lectura sexa moito máis compartida coa idade: descende o valor "nunca" no segundo ciclo (do 29,89% ao 24,28%) e crece o valor "sempre" (do 9,2% ao 17,58%). Neste caso tamén é importante discriminar por xénero: mentres que das alumnas só un 12,22% nunca comentan, entre os alumnos a porcentaxe é do 42,05%; a diferenza entre ambos valores é unha constante tanto no primeiro como no segundo ciclo.

Pregunta 18
Comentas con alguén as obras que les?




Lingua de lectura

Case a metade do alumnado (46,86%) afirma empregar o galego e castelán por igual como linguas de lectura. A análise, de todos os xeitos, ten que ser matizada porque estamos probablemente diante dunha imaxe subxectiva máis que dunha radiografía. Unha boa mostra disto é a interpretación do apartado outros (2,86%) onde se mesturan respostas como inglés ou francés cando no centro non hai ninguén que teña estas linguas como linguas principais de lectura (aínda que son quen de ler nelas ou teñen actividades de lectura relacionadas con elas). Igualmente, nunha enquisa onde o peso das lecturas obrigatorias é importante é estraño que exista unha porcentaxe relevante do alumnado que afirme le case só nun dos idiomas, no centro un 15,43% en castelán e un 9,14% galego. Non deixa de ser relevante que esta opción polarizada diminúa co curso.



Ao ler os datos da enquisa en agregado, o alumnado que afirma ler en *case só galego* ou *habitualmente galego* representa o 13,71%; a cifra para *case só castelán* ou só castelán é de 36,57%.

En consonancia co resto da enquisa, a distinción por xénero indica que os alumnos se sitúan en posicións máis extremas que as alumnas que acostuman a ter posicións máis matizadas e a escoller maioritariamente a opción de *galego e castelán por igual*.



A biblioteca escolar


A biblioteca escolar é un dos principais instrumentos para o fomento da lectura e para acadar os obxectivos formulados neste proxecto lector. Nas preguntas 19, 20 e 21 obtivemos datos sobre a frecuencia do seu uso, as distintas finalidades coas que a utilizan os/as alumnos/as e cal é o uso doutras bibliotecas. No caso do noso IES preguntámoslle aos/ás alumnos/as polo uso de bibliotecas públicas en xeral sen referirse

necesariamente á Biblioteca Municipal coa que conta o concello e que está situada na propia vila.

Un dos paradoxos da pregunta 19 é a distinta percepción que teñen os alumnos do uso da biblioteca. As alumnas perciben un maior uso da biblioteca co profesor que os alumnos un feito que ten que ver máis con prexuízos respecto ao uso que á realidade. Con todo, o uso da biblioteca nos recreos é maior entre os alumnos que entre as alumnas. Probablemente esta resposta ten que ver co feito de que na biblioteca se estean a desenvolver actividades nas que participan máis rapaces que rapazas (como o xadrez) e co uso dos ordenadores.

É preocupante a alta porcentaxe do alumnado que afirma que nunca utiliza a biblioteca: no total do centro representa preto dun 40% (39,2%), é dicir, 2 de cada 5 alumnos e alumnas recoñecen que non empregaron o servizo da biblioteca. A porcentaxe é maior entre os alumnos e alumnas aínda que descende segundo o nivel; deste xeito do 35,71% en 1º da ESO pasamos a un 18,75 en 4º da ESO, pero temos que pensar que este dato pode estar influído pola memoria do paso polo centro xa que a pregunta non fai referencia ao uso no presente curso. En paralelo, a porcentaxe de alumnos que fan un uso sistemático da biblioteca no recreo é anecdótico, o 1,14%, unha porcentaxe que só é representativa dun pequeno grupo de alumnas de 3 da ESO. No resto de enquisas ningún alumno/a afirmou ir á biblioteca dun xeito sistemático.


Pregunta 19
Cantas veces utilizas o servizo da biblioteca escolar



Con respecto ao uso das bibliotecas públicas a porcentaxe de alumnado que afirma utilizala é baixo; só 1 de cada 5 afirma ir á biblioteca pública algunhas veces. A maioría ou non a utiliza nunca ou case nunca. Cómpre destacar que o perfil maioritario do noso alumnado ao proceder de fóra do núcleo vilego ten limitado o acceso á biblioteca municipal e mesmo a calquera das outras bibliotecas públicas dos arredores. O papel, por tanto, da biblioteca do IES como centro de recursos para o noso alumnado é clave: os que consultan a biblioteca fano na biblioteca propia do centro.

Pregunta 21


Con que frecuencia vas ás bibliotecas públicas?



Se facemos unha análise comparativa cos datos que amosan aqueles/as alumnos/as que teñen os mellores indicadores lectores, é dicir, que ou ben recoñecen que lles gusta ler moito ou que afirman ter lido o último libro por lecer obtemos algúns resultados interesantes. A porcentaxe entre eses lectores dos que nunca utilizan o a biblioteca escolar ou as bibliotecas públicas aínda é importante. No caso da biblioteca escolar as porcentaxes son do 17,39% para os que lles gusta ler e do 24,44% para os que leron o último libro por pasatempo; é certo que o resultado do centro é 39,02% e a media entre os cursos é de 30,56%, pero sigue sendo unha porcentaxe alta. No caso da biblioteca pública: 17,17% para os que lles gusta moito ler e 14,22% para os que leron o último libro por pasatempo; os datos en agregado entre as repostas nunca e case nunca son: 32,34% e 34,44% respectivamente. De xeito análogo o anterior son resultados mellores que os do centro en xeral, pero seguen sen ser moi satisfactorios. Débese concluír, por tanto, que a importancia da compra do libro é un dos puntos que xustifican estes datos como xa amosaba a pregunta 5.


Pregunta 19

Comparativa



Pregunta 21

Comparativa



Conclusións

O perfil maioritario de lector ten rostro feminino á que lle gusta ler algo aínda que ten a lectura asociada a unha actividade propia do currículo académico. Conta con menos de 100 libros na casa e probablemente é ela quen máis le no fogar, xeralmente narrativa. Os alumnos, pola súa banda, son menos lectores e asocian a lectura a unha tarefa obrigatoria. O noso alumnado acostuma a mercar os libros que le e en xeral os remata unha vez que comezou a deles. Maioritariamente len galego e castelán por igual.

É importante establecer textos que sexan atractivos para aqueles lectores menos entusiastas coa lectura, especialmente reforzando a narrativa de aventuras e terror e achegando cómics e revistas á biblioteca.

1.2 Análise dos logros e dificultades

Os logros acadados

Un dos primeiros logros foi a incorporación da **planificación sobre a lectura** nalgúns departamentos. Xeneralizar este logro é fundamental, xa que permitiría detectar a necesidade de planificación dun proxecto lector que aspire realmente e de modo eficaz a crear hábito de ler entre os nosos estudantes.

O profesorado quere un proxecto lector global e transversal; é cousa de todas as áreas. Unha vez visualizada esta necesidade, implicar o conxunto do profesorado para a corresponsabilización nunha tarefa que historicamente non era vista como transversal e foi asociada aos Departamentos Didácticos de linguas.

A biblioteca escolar ten vida. Con frecuencia a biblioteca escolar é un espazo pechado, pouco accesible e de uso forzado e forzoso, vencellado a actividades programadas previamente. Desde hai anos procuramos que a biblioteca escolar do noso instituto sexa un lugar dinámico, acoledor e aberto. A biblioteca desenvolveu actividades de dinamización no centro como *o mes do libro* ou o *bibliojuego*.

As lecturas perden "lastres". As lecturas recomendadas e obrigatorias con frecuencia significaban para o alumnado unha tarefa adicional á do habitual estudo e preparación de tarefas escolares. O feito de introducir un proxecto lector aberto, permite que desapareza a idea ("lastre") de lectura que non vai ser do agrado do lector ou lectora porque non foi escollida por el ou ela, tamén desaparece a idea de que hai que ler de modo obrigatorio unha obra, co cal se introduce a idea de voluntariedade e escolla que sempre son máis respectuosas e por iso mellor recibidas.

A valoración do alumnado que xa le. Aquelas persoas que len habitualmente, con frecuencia pasaban inadvertidas para o profesorado que non fose especificamente de lingua, e deste modo vai ser valorada e facerse visible o hábito lector adquirido.

A **conquista de novos lectores e lectoras.** Só podemos chegar a ser bos lectores e lectoras se temos o contacto directo e físico cos libros. As realidades económicas e sociais de moitas familias non permiten o acceso aos libros desde a infancia. Na procura da igualdade de oportunidades para acceder á riqueza da lectura e o saber, a escola ten unha responsabilidade.

Aproveitar os tempos. A experiencia dinos como existen momentos en que o profesorado ten que atender o alumnado, ben por acharse de garda, ou porque se dá calquera circunstancia que obriga a atender algún grupo de alumnos e alumnas de maneira imprevista. Este tempo en que resulta complexo improvisar actividades, pode ser reconvertido con pouco esforzo nun tempo de lectura botando man das obras que xa

teñen consigo os alumnos e alumnas, o chamado "libro propio" ou daquelas que se teñen preparadas a través das "mochilas viaxeiras" ou dos que poderíamos chamar "libros viaxeiros" (aqueles que están a dispor do profesorado de garda para levar ás clases para que se lean por aqueles que non teñan o "libro propio")(ver o apartado de obxectivos específicos 3.2.2).

Diversidade de materiais na biblioteca: a biblioteca escolar do IES Maruxa Mallo é unha biblioteca que ofrece ao alumnado non só libros senón tamén outros materiais en diferentes soportes que converten a biblioteca nun centro multimedia. Cómpre salientar o esforzo por dotar a biblioteca de aparellos reproductores de vídeo para uso individual ou por parellas, os 5 ordenadores con acceso a internet é a existencia entre os fondos de DVD.

Un **club de lectura** que funciona desde hai dous anos.

A Biblioteca entrou no **PLAMBE** desde o curso 2007-08.

As dificultades encontradas.

1. Interese desigual por parte da comunidade escolar, tanto polo alumnado como polo profesorado.
2. Pouca dispoñibilidade para asumir responsabilidades concretas, como pode ser a biblioteca escolar, as horas dedicadas a biblioteca, por parte do profesorado.
3. Temor ás mudanzas que impliquen asumir novas responsabilidades a maiores daquelas que implicitamente leva a tarefa docente.
4. Baixa valoración por parte das nais e pais do alumnado do esforzo e da necesidade da planificación lectora; unha valoración que é transmitida ós seus/as fillos/as, que acaban pensando que ler é unha obriga escolar, non unha fonte de pracer e coñecemento.
5. Diferentes concepcións do que é ler; para algunhas persoas ler ten vinculación coa lectura por lecer e como modo de formación e entretemento; para outras persoas ler é o exercicio lector simple.
6. Excesiva dependencia da biblioteca como centralizadora de boa parte das actividades relacionadas co fomento da lectura.
7. Un contorno familiar pouco favorable á lectura: pouco compromiso por parte da maioría dos pais coa lectura como vía de coñecemento e de enriquecemento persoal (mesmo o alumnado pasa a ser o referente lector no seu contorno), poucos libros á disposición do alumnado. Un factor engadido entre o alumnado de fóra da vila é a dificultade para achegarse á biblioteca municipal ou as librarías.

8. Falta dun equipo de dinamización da lectura estable.

1.3 Accións levadas a cabo sobre o fomento da lectura e escritura.

Departamento de : FRANCÉS

CURSO	ACTIVIDADE	PERIODICIDADE	MATERIAIS	ESPAZO
3º C/D 4º B/C/D	Lectura dramatizada dunha obra de teatro da que veremos a representación.	1º trimestre	Internet fotocopias	Aulas e biblioteca
4º B	Lectura individual un día á semana dun libro de lectura en francés e realización das actividades de comprensión	3º trimestre	Libros Dicionarios	Aula e biblioteca
4º B	Lectura da prensa dixital os luns e redacción dun resumo para traballar a expresión escrita. Contestar a preguntas sobre a noticia que realiza o profesor e os compañeiros para traballar a expresión oral.	2º e 3º trimestre	Internet dicionarios	Biblioteca
3º C/D	Lectura individual dun libro de lectura e realización das actividades de comprensión.	3º trimestre	Libros dicionarios	Aula e biblioteca
4º C/D	Lectura individual dun libro de lectura e realización das actividades de comprensión.	3º trimestre	Libros dicionarios	Aula e biblioteca

Departamento de : EDUCACIÓN FÍSICA

CURSO	ACTIVIDADE	PERIODICIDADE	MATERIAIS	ESPAZO
3º e 4º ESO	Lecturas relacionadas cos contidos da materia.	Trimestral	Internet, aula virtual, bibliografía da biblioteca	Calquera con conexión a internet, biblioteca

Departamento de : MATEMÁTICAS

CURSO	ACTIVIDADE	PERIODICIDADE	MATERIAIS	ESPAZO
Todos	Lectura e comprensión de problemas	Habitual	Libro de texto/ fotocopias	Aulas
1os/ 3os	Xogos de lóxica	Puntual	Internet/Libros seminario ou profesor	Aulas
1os	Contos matemáticos	Puntual	Bibliografía do profesor	Aulas

Departamento de : **TECNOLOXIA**

CURSO	ACTIVIDADE	PERIODICIDADE	MATERIAIS	ESPAZO
2º, 4º	Visita páxinas web relacionadas con temas de Tecnoloxía	Puntual	Internet	Aula de informática
3º	Lectura do libro “Guía práctica da enerxía” publicado polo INEGA ou o IDAE	Ao longo do 3º trimestre	Fondos do departamento	Aula/casa
4º	Lectura de artigos científicos e noticias de prensa, seleccionados polo profesor e/ou os alumnos.	Ao longo de todo o curso de xeito puntual.	Fondos do departamento	Aula
4º INFORMÁTICA	Lectura de artigos e noticias relacionados coa materia de informática, publicados na sección “ciberpais” do xornal “El Pais”	Cada quince días, aprox.	Internet	Aula de informática

Departamento de : **BIOLOXÍA E XEOLOXÍA**

CURSO	ACTIVIDADE	PERIODICIDADE	MATERIAIS	ESPAZO
1º A-B-C-D	Libro de texto Biografías	Diariamente Puntual	Fondos da b.e.	Aulas e laboratorio
2º A-B-C-D	Libro de texto (especialmente en Bioloxía-Xeoloxía) Consulta en biblioteca escolar para traballos (Historia da Ciencia, biografías, monográficos...)	Habitualmente Puntual	Libro texto Fondos b.e. Internet	Aula, biblioteca e laboratorio
1º A-B / P.I.	Funcionamento da b.e. Elaboración dun traballo Lectura por pracer	1 sesión semana (1ºtri.) 1 sesión semana (2ºtri.) 1 sesión semana (3ºtri.)	b.e. b.e. Internet	Biblioteca Biblioteca Biblioteca
3º B-C	Lectura do libro de texto Traballos varios	Diariamente Puntual	Fondos b.e. Internet	Aula Biblioteca
3º D	Traballo sobre o dixestivo	Puntual	Fondos b.e. Internet	Biblioteca
4º B	Traballo enfermidades raras Traballo sobre proxeira Traballo sobre transplantes	Puntual Puntual Puntual	Fondos b.e. Internet	Biblioteca
4º C	Traballo enfermidades raras Traballo sobre biomoléculas Traballo sobre proxeira	Puntual Puntual Puntual	Fondos b.e. Internet	Biblioteca

Departamento de : EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

Toda a materia baséase no coñecemento, lectura e traballo sobre a linguaxe visual e empregamos o devandito código.

CURSO	ACTIVIDADE	PERIODICIDADE	MATERIAIS	ESPAZO
3os e 1os	Sinalética	Anual	Sinais e imaxes dos libros	Aula de plástica e o contorno do alumnado
1os e 3os	Interpretación das imaxes	Anual	Anuncios Proxección na aula	Audiovisuais Aula de plástica
1os, 3os e 4os	Interpretación de obras artísticas	Trimestral	Láminas de obras	Aula de plástica
1os, 3os e 4os	Realización dun cartel	Anual	Libros de arte	Aula de plástica

Departamento de : LINGUA GALEGA E LITERATURA

CURSO	ACTIVIDADE	PERIODICIDADE	MATERIAIS	ESPAZO
3º B-C-D 1º D	Libro de lectura obrigatoria	Trimestral	Exemplares	Na casa
1ºD	Dramatización dun conto tradicional	Anual	Monicreques	Teatro
3ºD- Teatro	Miscelánea de textos para a creación dun espectáculo teatral	Anual	Dossier	Teatro
3º B-C-D 1ºD	Lista aberta de 20 libros de lectura libre	Anual	Fondos	Biblioteca
3º B-C-D	Lectura diaria dun xornal por persoa	Diaria	Xornais	Aula
2º C-D 4º B-C-D 2ºA-B	Lectura programada a través do Proxecto Lector do Departamento de Lingua Galega e Literatura	Continuada ao longo do curso	Fondos da biblioteca escolar	Aula e biblioteca

Departamento de : ORIENTACIÓN

CURSO	ACTIVIDADE	PERIODICIDADE	MATERIAIS	ESPAZO
PCPI	Concurso de fotografía (Busca de imaxes, elaboración de carteis)	Puntual (15 días)	Internet	Biblioteca
Alumnos/as NEAE	Lectura de libros (adaptados ó nivel) Uso do dicionarios	Semanal Puntual	Libros Dicionarios, enciclopedias	Biblioteca e aula de apoio Aula de apoio

Departamento de : RELIXIÓN

CURSO	ACTIVIDADE	PERIODICIDADE	MATERIAIS	ESPAZO
1os	Aprender a manexar a Biblia e ler os textos que se indiquen	Diaria	Propios do Departamento	Aula
2os	Ler un texto do libro e buscar no dicionario o significado das palabras que non coñecen	Diaria	Dicionarios da biblioteca	Aula normalmente
3os	Resumir, esquematizar, subliñar as ideas principais tanto dun texto coma dun documento audiovisual	Diaria	Dicionarios	Aula Biblioteca
4os	Ver películas con temáticas relacionadas cos valores humanos.	Diaria	Tomar notas nos seus cadernos	Aula Audiovisuais

Departamento de : INGLÉS

CURSO	ACTIVIDADE	PERIODICIDADE	MATERIAIS	ESPAZO
1º/2º ESO	-Lecturas graduadas de libros(libre elección por parte do alumno/a) (Folla de vocabulario, pequeno resume ,personaxes principais e unha breve opinión persoal sobre o libro)	Trimestral	Fondos do departamento	Casa
	-Lectura de textos sinxelos sobre temas cotiáns de interese xeral para extraer información xeral e específica	Varias veces por semana	Libro de texto/Workbook/	Aula
	-Redaccións guiadas utilizando vocabulario,gramática e expresións traballadas en cada unidade	Dúas por mes	Libro de texto/Workbook	Casa
	-Traballos libres (entrevistas sinxelas descrições,folletos turísticos,pósters,etc	Mensual		
3º/4º ESO	-Comprensión de información xeral e específica de textos sobre temas cotiáns de interese xeral e relacionados con contidos doutras materias do currículo(ciencias,sociais.etc)	Puntual	Libros con temas transversais,revistas	Aula
3º/4º ESO	-Redaccións utilizando linguaxe,estruturas gramaticais e expresións traballadas en cada unidade. -Textos creativos sobre temas libres(narracións,,contos,descrições, etc...)	Dúas por mes Mensual	Libro de texto/Workbook	Casa
3º PDC	-Lectura de diversos textos sinxelos relacionados con temas cotiáns de interese xeral -Elaboración de textos breves coa	Diario Mensual	Libro de texto/Workbook	Aula Aula ou casa

	axuda dun plan de redacción (descricións, falar sobre gustos e preferencias, narracións curtas, diálogos, entrevistas, etc...)			
4º PDC	Lectura de diversos textos breves sobre temas cotiáns de interese xeral	Varias veces por semana	Libro de texto/workbook	Aula
	-Elaboración de textos curtos coa axuda dun plan de redacción (descricións, narracións curtas, diálogos)	Mensual		Aula ou casa
	-Completar táboas coa información dun texto	Semanal	Libro de texto/workbook	Aula

Departamento de : LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

CURSO	ACTIVIDADE	PERIODICIDADE	MATERIAIS	ESPAZO
1º A/B/C/D	-Lectura de fragmentos de obras -Lecturas obrigatorias, lecturas voluntarias - Teatro lido	Semanal Trimestral	Biblioteca/ Persoal	Aula Casa
2º A	-Lectura de obras relacionadas co programa - Libros obrigatorios e voluntarios - Teatro lido	Semanal Trimestral	Fondos b.e./dpto./material do curso	Aula Casa
2º B	- Lectura fragmentos obras literarias - Lectura, reflexión e comprensión das obrigatorias e voluntarias	1 sesión semanal Trimestral	Biblioteca Persoal	Aula Casa
2º C/D	Lectura de libros: fragmentos de textos literarios	Puntual	Fondos dpto./bib. esc /persoais	Aula Biblioteca
3º A(PDC)	Lectura de textos literarios e non literarios	3 sesións semanais (en galego e castelán)	Fondos da bib esc./dpto./internet	Aula Biblioteca
3º B/C/D	Lectura de textos/ prensa Libros obrigatorios /voluntarios	1 sesión semanal Trimestral	Xornais/fondos dpto./biblioteca	Aula-sala informática/ biblioteca
4º A(PDC)	Lectura textos información xeral	2 sesións semanais(en galego e castelán)	Xornais/internet	Aula Sala de informática
4º B/C/D	Lecturas comentadas en blog Lecturas obrigatorias/optativas Comentarios texto en clase	Anual Trimestral Semanal	Fondos biblioteca/dpto./internet	Aula/biblio informática
Todos	-Actividades de libro Fórum (presentacións de libros por parte dos seus autores/as) - Actividades de creación escrita:	Puntual	Obras de lectura/internet	Biblioteca

	traballos escritos/ redaccións/ comentarios de textos literarios e non literarios.	Anual	Caderno de traballo e presentación de materiais escritos	
	Certames literarios	Puntual		

BIBLIOTECA en colaboración con distintos departamentos.


CURSO	ACTIVIDADE	PERIODICIDADE	MATERIAIS	ESPAZO
Alumnos/a s inscritos	Club de lectura “ConLdeLer”	Anual	Libros seleccionados. Internet Blog	Biblioteca Casa
Todos	Formación de usuarios	1º trimestre	A biblioteca Páxina internet de Gloria Durbán Actividades creadas polo noso equipo de biblioteca. Actividades deseñadas por outras bibliotecas escolares. O programa de xestión “Proxecto Meiga”	Biblioteca
Todos Equipo da biblioteca	“BIBLOS”boletín informativo sobre as actividades da biblioteca	Publicación trimestral	Material elaborado polo alumnado nas aulas e polo equipo de biblioteca	Biblioteca
	Encontros con autores	Puntual		Biblioteca
Todos	Certame literario			Aula e biblioteca
Todos	Commemoración de efemérides: Día da PAZ. Día do LIBRO	Puntual		Biblioteca Diversos espazos
Primeiros ESO	Bancos do tempo: intercambio de libros entre os alumnos de 1º de ESO en colaboración co Concello.	2º e 3º trimestre, hora de titoría cada 15 días	Os libros dos alumnos e os fondos da biblioteca.	Biblioteca
Todos	Mochila viaxeira	Anual	Fondos da biblioteca escolar	Casa
Equipo da biblioteca	Biblos, publicación da biblioteca	Trimestral	Produccións dos alumnos e do equipo de biblioteca	Biblioteca.

2. Características actuais da nosa biblioteca

Tras unha primeira etapa na que o esforzo orzamentario e organizativo se centra en adaptar o espazo do que dispoñemos á función que pensamos que debe levar a cabo unha biblioteca escolar, nunha segunda etapa comezamos a organizar actividades que dinamicen o funcionamento da mesma máis alá do préstamo de libros: comezamos a organizar os documentos utilizando o programa MEIGA; a levar a cabo unha formación de usuarios adaptada á organización dos documentos da nosa biblioteca; converter a biblioteca nun auténtico centro de recursos reforzando os equipos informáticos, organizando a hemeroteca...


2.1 Espazo e mobiliario

Espazo:



A biblioteca está situada no primeiro andar do centro, no centro do vestíbulo no que conflúen as tres escaleiras de subida aos pisos superiores.

Ten unha dimensión de 91,70 m²



Ao fondo temos tres grandes ventás que permiten a entrada de luz natural e a ambos laterais da porta de entrada outras dúas ventás de grandes dimensións pero que non dan demasiada luz dado que están orientadas ao centro. Esta mala orientación fai que a biblioteca sexa un espazo bastante frío e pouco luminoso.

Mobiliario:



O espazo dedicado á xestión está dotado dun ordenador, impresora, fotocopiadora e escáner e lector de código de barras que poden utilizar os membros do equipo de biblioteca.

Este curso adquirimos unha mesa específica para este fin.



Creamos un espazo para vídeos, CD e DVD con dous mobles específicos.



Cinco postos informáticos en rede con conexión a internet para a consulta do catálogo, busca e tratamento da información á disposición de calquera membro da comunidade educativa con conexión á impresora da mesa de xestión.



Espazo audiovisual: dous lectores DVD e dúas TV con cascos. Tamén contamos cun videoproxector e pantalla correspondente.



Un recuncho informal para a lectura de cómics.



Andeis para a colocación dos fondos e 12 mesas e 50 cadeiras para a lectura e realización de traballos.



Un taboleiro de anuncios situado fronte á porta de entrada á biblioteca.



Un espazo para a lectura de revistas e prensa situado na planta baixa do edificio, con expositores para as revistas.

2.2 Fondos

Contamos cuns 4000 volumes , na súa maioría libros que están catalogados segundo a CDU e rexistrados

Ordes - IES Maruxa Mallo	
Reconto de rexistros	
Nº de rexistros bibliográficos	4.139
Nº volumes	4.164
Libros	3.772
Audiovisuais	296
Música	48
Arquivos ordenador	12
Prensa, revistas	11
Ligazóns Web	10
Nº de títulos	5.239
Nº de autores	2.772
Nº de CDU	3.240
Nº de series	1.500
Nº de materias	1.326
Nº de editoriais	585
Nº de lectores	368
Data última actualización	22/04/2009 12:53:10

co programa MEIGA, programa facilitado pola consellería de Cultura e que empregan moitas bibliotecas escolares e a maioría das municipais, o que permite estar en rede e consultar o catálogo de calquera delas. Tamén temos varias enciclopedias e dicionarios que aínda están sen rexistrar por falta de tempo e recursos humanos.

Tamén estamos empezando a rexistrar os fondos dos departamentos , dado que son fondos do Centro , pero que seguirán localizados nos departamentos , deixando constancia da súa localización a través do programa MEIGA e que son xestionados polos respectivos departamentos.

Estamos a organizar unha videoteca para ofertar películas de interese educativo e de formación en valores para o seu préstamo á comunidade educativa do noso centro.

Hemeroteca: subscrición a:

Revistas : Natura, Muy interesante, Cerna, Que leer, Capital, humus, Entre Estudiantes, Speak up

Prensa: El País, La Voz de Galicia, El Correo Gallego, Galicia hoxe , El mundo.

2.3 Funcionamento

A biblioteca escolar debe ter unha función aglutinadora das actividades didácticas, ser o punto de partida que permita unhas relacións interdisciplinares fluídas, ademais de favorecer o intercambio de intereses e curiosidades dos membros da comunidade educativa.

A biblioteca funciona como centro de recursos, elemento superador das desigualdades sociais e económicas do noso alumnado e tamén, a partir da posta en funcionamento da LOE, como elemento dinamizador do Proxecto Lector do centro.

2.3.1 Coordinación e funcións

A coordinadora da biblioteca é a responsable da coordinación das actividades que se levan a cabo na biblioteca escolar.

Ademais son funcións da coordinadora as seguintes:

- Elaborar a programación anual de biblioteca escolar, atendendo aos proxectos curriculares do centro e elaboración da memoria final.
- Colaborar no deseño e posta en práctica do Proxecto Lector de centro, coordinándoo, de ser o caso.
- Realizar o tratamento técnico dos fondos(seleccionar, organizar, clasificar e catalogar).

- Informar o claustro das actividades da biblioteca e integrar as súas suxestións.
- Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar.
- Definir os criterios para o préstamo e atender o servizo xunto co equipo de apoio.
- Asesorar o profesorado en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documental, seleccionando e elaborando materiais, xunto co resto do profesorado, para a formación do alumnado nestes aspectos e a dinamización cultural do centro.
- Levar o control orzamentario e decidir sobre a dotación de novos materiais documentais ou do tipo que se considere necesario.
- Coordinar o equipo de apoio á biblioteca escolar.

2.3.2 Equipo de biblioteca e funcións

O equipo de apoio á biblioteca formado no seu do Claustro de profesores estará formado por cinco profesores, que deberán representar dun xeito equilibrado ás diversas áreas formativas, os cales disporán de unha hora á semana polo menos para desenrolar este labor, e ter unha hora semanal de reunión de equipo para organizar o traballo que van levar a cabo.

De cada unha das reunións do equipo levantarase a acta correspondente.

As súas funcións son as seguintes:

- Apoiar o responsable da biblioteca na súa organización e dinamización..
- Recompilar informacións, materiais e recursos necesarios para o bo funcionamento do servizo, co fin de facilitarllelos aos usuarios da biblioteca escolar.
- Cooperar no deseño, organización e posta en marcha das actividades programadas.
- Establecer criterios para a adquisición e actualización dos fondos da biblioteca.
- Recoller propostas e suxestións do profesorado e alumnado co fin de mellorar as intervencións e colaborar ao desenvolvemento da competencia lectora, o hábito lector e as habilidades de traballo intelectual.

Tamén se creará un equipo de apoio entre o alumnado para colaborar na xestión da biblioteca e na elaboración de actividades en torno ao fomento da lectura.

Os profesores tutores realizarán o labor de préstamo de libros e recibirán formación para tal efecto ao inicio do curso para deste xeito poder levar os/as alumnos/as das súas titorías unha vez cada quince días á biblioteca para a lectura. Establecerase un calendario de uso da biblioteca con horas reservadas para cada titoría.

2.3.3 Horario

A biblioteca non está aberta durante toda a xornada lectiva. Está aberta nos recreos e nas horas de garda da persoa responsable da mesma.

Tamén está aberta os martes pola tarde pero a cargo dunha persoa contratada polo concello nun programa de colaboración entre ambas institucións. Esta persoa coordina un club de lectura integrado por rapaces e rapazas do concello.

2.4 Recursos

2.4.1 Recursos económicos:

Participamos no Plambe desde o curso 2007-2008, polo tanto este é o segundo curso que contamos con recursos específicos para a mellora dos fondos e recursos da nosa biblioteca: 7200 € o primeiro ano e 7100 € este curso 2008-2009. Ademais o centro destina un orzamento todos os cursos para os gastos de funcionamento da biblioteca (1500 € este curso 2008-2009).

2.4.2 Recursos humanos:

A profesora Sara Fernández Souto, que ten unha dedicación horaria de 7 horas semanais este curso escolar 2008-2009 e atención ao alumnado durante os recreos dos xoves e venres.

Este curso 2008-2009 non hai equipo de apoio á biblioteca escolar como consecuencia dos recortes realizados pola administración na dotación de profesorado. Tan só un profesor, neste caso a directora do centro, atende a biblioteca nos recreos dos luns, martes e mércores. Polo demais depende da boa vontade e do tempo que o resto dos compañeiros queiran dedicarlle.

Para que a biblioteca escolar cumpra as súas funcións e responda á definición que dela damos é imprescindible que se garantan os recursos humanos necesarios e un presuposto axeitado aos obxectivos que se fixan a principios de cada curso.

3. Plano de actuacións propostas

3.1. *Introdución*

Lexislación:

LOE: reforzar a lectura.

- Artigos 19.2/24.7/25(Primaria/Secundaria): Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúns áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da comunicación e da información e educación en valores traballaranse en todas as áreas.
- Educación secundaria. Artigo 26:2: A fin de promover o hábito da lectura, dedicárase un tempo á mesma na práctica docente de todas as materias.

Secundaria: lectura en todas as áreas.

- Decreto de secundaria: Artigo 5º. A lectura constitúe un factor primordial para o desenvolvemento das competencias básicas. Os centros docentes garantirán na práctica docente de todas as materias un tempo dedicado á lectura en todos os cursos da etapa, de acordo co proxecto lector do centro.

3.2. *Xustificación*

Desde sempre o profesorado temos manifestado a nosa preocupación por fomentar o hábito lector entre o noso alumnado. Pouco mais que a manifestación de boas intencións e declaración das mesmas se ten feito. Ante a necesidade de converter as declaracións de intencións en feitos, nos poñemos neste proxecto a levar adiante un auténtico proxecto lector que comece pola práctica e que preceda á súa expresión teórica.

Esta é a experiencia o IES Maruxa Mallo de Ordes, un centro de recente creación, pois apenas acada a decena de anos, e con unha inquietude continuada desde o seu nacemento: a de dinamizar a biblioteca escolar, enriquecela e convertela nun espazo dinámico e ao servizo da comunidade educativa.

Despois de facer todos os esforzos para lograr unha dotación canto a volumes, variedade dos mesmos cualitativa e cuantitativamente, podemos afirmar hoxe que temos unha biblioteca escolar que nada ten que envexar á daqueles centros con maior idade. O acondicionamento do espazo foi un atranco que

superamos con moita imaxinación e non menos habilidade; a incorporación de ordenadores e o acceso a Internet facilitou a aproximación respectuosa e silenciosa do alumnado ao espazo que é dos libros e para a lectura en primeiro termo, mais que é versátil canto á utilización do mesmo para outros fins; a incorporación de actividades relacionadas directa ou indirectamente coa lectura serve para transmitir a idea de que a lectura, sendo unha acción case privada e individual pode ser compartida, cos autores- falamos das charlas e encontros organizados para que o alumnado teña un contacto directo cos autores e autoras das obras que leron- cos outros lectores- son os clubs de lectura que reúnen os lectores e lectoras para comentaren as obras- e outras actividades que aproximan e evidencian a relación do mundo do libro coa música e o audiovisual- son as actividades de Audiovisual nas Aulas-.

Deste modo e progresivamente se foi “construíndo” a biblioteca escolar, con moito esforzo e coa colaboración continuada e ilusionada de toda a comunidade escolar. Podemos lembrar o trasego de mobiliario, as mesas e cadeiras incómodas que non eran nada atractivas para favorecer a comodidade e a lectura, a incorporación de revistas e xornais, de cómodos coxíns no chan, de cestas con cómics e revistas atraíntes... Tamén podemos lembrar a incorporación de radiadores para combater o frío dun local mal orientado e sempre en penumbra, e as humidades, e as goteiras...

Agora chegou o momento de pórse mans á obra e deseñar un eficaz proxecto lector: queremos ver os nosos alumnos e alumnas con libros na man, queremos normalizar a lectura.

3.3. Obxectivos

3.1.1. Xerais

OBXECTIVOS XERAIS
1.Fornecer en toda a comunidade educativa a competencia lectora promovendo a consolidación de hábitos lectores e atendendo a súa diversidade
2.Facer da biblioteca escolar un recurso imprescindible para a aprendizaxe e un espazo aberto, activo e central na construción dunha comunidade de lectores participativa.
3.Corresponsabilizar a todo o profesorado como axentes efectivos da promoción do hábito lector entre toda a comunidade educativa
4.Convertir a lectura nunha estratexia metodolóxica para a mellora da aprendizaxe e nunha oportunidade de formación persoal e maduración cultural no tempo de lecer.
5.Fomentar a autonomía do alumnado á hora de buscar, escoller, interpretar e comentar as súas lecturas procurando manter actitudes de responsabilidade e sentido crítico.
6.Desenvolver habilidades no proceso lector que permitan ao alumnado ser quen de manexar distintos soportes (xornais, enciclopedias, diapositivas, mapas, películas... con especial atención ás novas tecnoloxías), empregar diferentes estratexias (lectura silenciosa, en voz alta, lectura rápida, selectiva e lenta) e diferentes códigos (visual, auditivo, verbal...).
7.Favorecer o estudo, a investigación, a formación continuada e o coñecemento a través da lectura para toda a Comunidade Educativa.

8.Compensar as desigualdades existentes entre o noso alumnado pola súa procedencia e/ou o seu contorno socio-cultural; mellorar paralelamente a súa autoestima e o seu autoconcepto.
9.Promover unha estrutura organizativa de xestión do proxecto lector integrada por equipos estables de profesores que traballen de forma coordinada
10.Organizar espazos, actividades e tempos para a lectura
11.Desenvolver a través da lectura e a escritura as competencias lingüísticas, comunicativa cultural e artística

3.2.2 Específicos

Despois dun proceso de consulta cos distintos departamentos do centro, decidíronse os seguintes obxectivos específicos para o curso 2009-2010.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO 2009-2010
• Uso continuado e habitual da biblioteca escolar polo alumnado e profesorado como un recurso educativo.
• Utilizar parte da hora de titoría en todos os grupos como “hora de ler” flexible en tempo.
• Habituar o alumnado a levar sempre un libro na súa mochila.
• Converter as horas de garda en horas dedicadas a lecturas diversas:lectura en soporte dixital, prensa, revistas, cómics, novelas,...
• Crear unha sección específica na web do centro para o profesorado con información sobre as actividades de lectura, escritura.
